

Preside a praza do pobo un sinxelo templo de formas limpas erixido a mediados do século XIX en honor a Virxen dos Remedios, patrona do lugar. A súa esquerda, un moderno cruceiro serve de homenaxe e recordo as moitas xentes que tiveron que emigrar sen poder realizar o camiño de regreso ao seu lugar de orixen.

Sen alonxarnos moito, merece a pena tamén visitar o peto de ánimas que se encontra na parte traseira do edificio situado fronte a capela, un bonito relevo en pedra coa a imaxe de San Antonio, santo casamenteiro.

Visita obrigada antes de comenzar é, o **monumental carballo** que se encontra xusto detrás da capela. Esta árbore de máis de 16 metros de altura chama poderosamente a atención debido a extraordinaria anchura do seu tronco, que supera os 7 metros de perímetro. Semellantes dimensions, unidas a unha idade aproximada de máis de 500 anos válello a súa inclusión no “Catálogo galego de árbores senlleiras”. Pero este árbol ten máis historia...

Cada 7 de setembro celébrase no Pelete unha festa dedicada ao viño coincidindo coa festividade da Virxen dos Remedios. Dice a lenda que fai moitos anos, o fillo dun arrieiro que pasaba pola localidade cun bo cargamento de viño do ribeiro sufriu un percance ao ser coceado por unha das súas mulas. Correu o pai a pedir auxilio á Virxen dos Remedios e esta intercedeu polo mozo curando tódalas súas feridas. Coma mostra de agradecemento, aquel home prometeu voltar tódolos anos para levarlle a Virxen unha cuba do seu mellor viño, ofrecendo o primeiro trago ao vello carballo, baixo o que se cobixou o ferido antes de ser sanado. Recordando estes feitos, dende mediados do século XVII, durante as festas de setembro, e despois de ser bendecida polo párroco, é costume que as autoridades procedan a regar o carballo cunha xarra do bo viño do ribeiro, operación

que se repite ao resto de festeiros, procedendo da mesma maneira a vez que bailan ao redor do seu maxestoso tronco, dando comezo deste modo aos festexos no campo da festa.

Seguindo noso plan de ruta, abandonamos O Pelete deixando a capela as nosas costas e cruzamos a estrada para emprender o camiño que nos levará ao *Marco do Vento* e *Portalén*, un enclave enigmático, máxico e sorprendente..., un lugar que serviu de inspiración ao coñecido novelista de orixe pontevedrés Manuel Loureiro a hora de escribir a última das súas novelas, “La puerta”.

Deixando o camposanto a nosa esquerda seguiremos o camiño, tomando a poucos metros un desvío a dereita (xusto antes de chegar de novo a estrada que cruzamos ao abandonar O Pelete). Trátase dunha pista con tramos de terra e asfalto bastante deteriorado que xa non abandonaremos ata chegar ao noso ansiado e mítico destino.

Este tramo inicial da ruta é sin dúbida a parte máis dura do percorrido, con ramplas de fortes pendentes que desaparecerán pasado o terceiro quilómetro. Durante este treito cruzaremos un par de pasos canadienses que evitan que o gando poida saír dos seus lugares de pasto, e é que o máis probable, e a medida que ascendemos, non será difícil encontrarmos con algunha que outra manda de **cabalos salvaxes** ou incluso algunha que outra **vacada**. As matas de toxos, os grandes bolos de pedra granítica fragmentados pola erosión e unha multitude de regatos que percorren como veas o corpo montañoso, configuran a paisaxe que nos acompaña no noso ascenso.

Chegados a primeira liña de muiños o camiño suavízase e a pendente desaparece. Un pinar danos a benvida e nos acompaña durante un tempo na nosa ruta. Ao longo dun pequeno treito a pendente invértese e baixa, pero pronto o camiño vólvese de novo ascendente, así ata chegar ao segundo campo eólico do parque, en cuxo corazón, e

estratéxicamente ubicada, áchase a pequena **capela de Santa Mariña**.


Para continuar a ruta ata *Portalén* o camiño segue collendo o primeiro desvío a dereita antes de chegar a capela, sen embargo, vale a pena desviarnos uns metros e tomar o sentido contrario, bordeando a zona de descanso habilitada como merendeiro. Chegados ao primeiro muiño que encontramos no camiño, podremos desfrutar dunhas **impresionantes vistas panorámicas** que nos permiten ver, ao lonxe, as rías de Vigo, Pontevedra e Arousa, vale verdadeiramente a pena (Miradoiro das tres rías)

Retomando o obxectivo inicial retornamos ao cruce que antecede a capela e tomamos o desvío ascendente a man dereita. Tras un pequeno tramo de apenas un quilómetro de distancia chegaremos ao ancestral destino, a porta do máis alá, **Portalén** ou *Porta do Alén*, a porta que comunica o mundo dos vivos co dos mortos..., un lugar cargado de **maxia** e de **tradición**, unha porta pola que se pon o sol no solsticio invernal, un enclave enigmático ao que aínda seguen acudindo moitas persoas a depositar **ofrendas** en forma de frores, velas ou alimentos, poucos días despois da festa do Samaín.

Pero non acaban aquí tódalas sorpresas, coma un vixía, e a escasos metros de Portalén encóntrase o **Marco do Vento**, un maxestoso menhir de máis de 6 metros de altura e orixe discutido que non deixa indiferente a ninguén. Neste senso, son moitos os arqueólogos que afirman que se trata dun dos megalitos máis grandes do continente europeo...

E seguindo o camiño chegaremos a **Cruz do Seixo**, outro lugar de culto de orixe milenario cristianizado posteriormente e presidido por unha cruz de granito e un altar de pedra. A altitude do lugar roza xa os 1000 metros.

E dende aquí xa baixando por campos de musgo e co verdor primaveral iremos chegando ao final da nosa ruta preto de Barcia do Seixo e Cambeses.



**PRÓXIMA RUTA:
SERRA DO
ARGALLO.
TOMIÑO
10-05-2025**

DATOS BÁSICOS

COMEZO: O Pelete

REMATE: Cambeses

DISTANCIA LINEAL: 17 km aprox.

DURACIÓN APROXIMADA: 5 horas

DIFICULTADE: Media

ALTITUDE MÁXIMA: 984 m

ALTITUDE MÍNIMA: 593 m

DESNIVEL POSITIVO: 511 m

DESNIVEL NEGATIVO: 441 m



618 617 799



carroucho@carroucho.org



www.carroucho.org

**SERRA DO CANDO
26-04-2025**